

THE WANTED 18

Paul Cowan e Amer Shomali, 2014

1399

ESTREA EN NUMAX: 02.11.2024 | V.O.S.E. | 75 min

Durante a Primeira Intifada, nunha pequena aldea palestina mercan 18 vacas para deixar de consumir leite procedente de Israel. Para conseguilo deben ocultar a pequena manda de vacas das autoridades israelís que vían este sector como unha ameaza á seguridade nacional.

Proxección dentro do Festival Palestine Cinema Days Around the World.

O festival Palestine Cinema Days interrompeu a súa celebración o pasado ano polo inicio do xenocidio, a limpeza étnica e a intensificación da ocupación territorial iniciada por Israel tras o 7 de outubro. As salas palestinas apagaron os proxectores pero 171 pantallas arredor do mundo collen o testemuño para dar continuidade ao festival en 41 países.



«Non soñamos con nada máis que cunha vida tan simple como a vida mesma»

Mahmoud Darwish

Cando escribimos o editorial para os Palestine Cinema Days en todo o mundo o ano pasado, o último xenocidio en Gaza tiña só unhas semanas. Criamos erroneamente que a guerra se detería nuns días, unhas semanas ou quizais uns meses. Pero continuou desde 1948, cando a Nakba, que significa "catástrofe" en árabe, comezou coa destrución de centos de aldeas palestinas e a expulsión forzada de 750.000 palestinos dos seus fogares. Desde entón, a limpeza étnica dos palestinos non cesou, levada a cabo por Israel con total impunidade, tal como sucedeu cos masacres cometidos en Líbano durante as invasións de 1978 e 1982, e a guerra de 2006, por mencionar só algunhas.

Hoxe, un ano despois, seguimos aquí, escribindo unha vez máis sobre atrocidades, mentres a maquinaria de guerra israelí bombardea Gaza, Cisjordania e Líbano. Que lle pasou ao noso mundo? Como podemos quedarnos de brazos cruzados mentres se aniquilan innumerables vidas civís, e o mundo non fai nada?

Negámonos a contar os números, que cambian cada minuto, porque os nosos mortos e feridos son moito máis que simples estatísticas. Esta sede de sangue, non é acaso o síntoma da psicose colectiva de estruturais políticas israelís, estadounidenses e globais?

Con todo, aínda estamos aquí, vivas, literalmente de pé baixo as bombas, baixo embargos e indiferenzas. Vivas, respirando este aire denso que apesta a pólvora ou fósforo, un po fabricado en EEUU, Alemaña, Francia, Reino Unido... Si, aínda estamos aquí, vivas. Temos medo, choramos aos nosos mortos, pero tamén rimos.

En canto a vostedes, que están a organizar e asistir a estas proxeccións, son as últimas persoas loitadoras pola liberdade, as últimos en manterse firmes, mentres tantas outras optaron por axeonllarse. Grazas por negarse a renderse e por seguir defendendo a nosa humanidade compartida.

Tantos réximes son cómplices destes crimes contra a humanidade. Os Estados Unidos financian e arman esta maquinaria de guerra masiva. O mesmo ocorre con varios países da Unión Europea. Mesmo Brasil, cuxo presidente admitiu publicamente que a guerra contra Gaza é un xenocidio, segue sendo o terceiro maior exportador de combustible de Israel. E isto é só a punta do iceberg. Instámoslles a informarse sobre a posición e as accións do seu goberno e a esixir un cambio da maneira que poidan.

Hoxe, os Palestine Cinema Days iluminarán pantallas en todo o mundo. Se o mundo de mañá é mellor, será porque existen persoas como vostedes. Un mundo onde a colonización, o terror imperialista e a inxustiza xa non terán cabida. Un mundo liderado pola humanidade, para a humanidade. Un mundo que protexerá as persoas máis vulnerables con todas as súas forzas.

Un mundo san.

Un mundo xusto.

Aínda estamos aquí e aquí ficaremos, decididas a construír un futuro mellor e un mundo mellor.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Palestina,
Rashid Khalidi.
Capitán Swing, 2023

Una trilogía palestina,
Gasán Kanafani.
Hoja de lata, 2015

Palestina en pedazos,
Lina Meruane.
Random House, 2023